

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Creación e delegación da xestión e administración da sede electrónica na Deputación da Coruña

EDICTO

Téndose adoptado acordo polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o pasado vinte e catro de novembro de dous mil once, de CREACIÓN E DELEGACIÓN DA XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN DA SEDE ELECTRÓNICA NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA e en cumprimento do propio acordo do órgano plenario, procédese á publicación no BOP do seguinte contido parcial:

“ ...

TERCEIRO.–Aprobar a creación da sede electrónica do Concello de Arteixo, de titularidade municipal, cuxo enderezo electrónico de referencia será: <<sede.”dominio concello”>> configurándose como unha subsede da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña (sede.dicoruna.es) e que estará accesible para a cidadanía directamente a través do seu enderezo ou a través do enderezo desta última.

CUARTO.–Aprobar a delegación da xestión e administración da sede electrónica municipal e para tal fin, a adhesión ao convenio marco de colaboración aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión plenaria ordinaria celebrada o vinte e oito de outubro de dous mil once, para a utilización compartida da súa sede electrónica (...).

QUINTO.–Realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento aos compromisos asumidos no devandito convenio e, en particular, adoptar o acordo de encomenda de xestión entre o Concello e a Deputación Provincial da Coruña para tramitar as solicitudes de certificados electrónicos de empregado público, selo e sede electrónica, que resulta necesario para a aplicación do convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia (...).

SEXTO.–Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.

SÉTIMO.–Facultar ó Sr. alcalde tan amplamente como sexa posible para levar á práctica o presente acordo.

OITAVO.–Comunicar á Deputación da Coruña o presente acordo.”

En Arteixo, a 1 de decembro de 2011.

O ALCALDE

ASDO.: CARLOS CALVELO MARTÍNEZ